



A PENEIRA

Xornal galego para o debate, a cultura, o ensino e o lecer

ANO 3 | Edición nº 36 | Decembro de 2020 | PRECIO 2 EUROS

**Comezan as obras
dunha área recreativa
en Oleiros**

Páxina 3

**A aparición de tubarías
con amianto
condiciona as obras da
Praza de Bugallal**

Páxina 5

**Arbo finaliza as obras
no parque empresarial**

Páxina 9

**O alcalde de Mondariz,
reforzado tras superar
unha cuestión
de confianza**

Páxina 11

**Entrevista á alcaldesa
do Concello de Oia
Cristina Correa Pombal**

Páxina 12

"A seguridade está sendo a nosa maior prioridade de cara ao Xacobeo 2021"

Alfonso Rueda,
Vicepresidente Primeiro e Conselleiro
da Presidencia, Xustiza e Turismo
da Xunta de Galicia

Páxina 8



Portugal - Alto Minho

**Associação de
produtores de vinhos
contesta proibição de
venta após as 20h**

Páxina 14

**Fundação Bienal de
Arte de Cerveira
distinguida com dois
prémios APOM 2020**

Páxina 15

**Município de Ponte
da Barca tem escolas
mais ecológicas**

Páxina 15

**Municípios unidos
na valorização do
"Caminho Minhoto
Ribeiro"**

Páxina 16

CONFITERIA

Regino

Nova gama de productos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Especialidade en
rosquillas e melindres



Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas

986 640 834

EDITORIAL

Sinatura convidada: Roberto Mansilla Blanco

Sáhara e o silencio español

A Fronte Polisario anunciou a mediados de novembro que retomaba a loita armada contra Marrocos. Acábase así con case trinta anos de frustración tralo alto ao fogo de 1991 propiciado pola ONU, e que levou a milleiros de acordos de paz finalmente infrutuosos.

Ante esta situación, é notoria a inacción española. Que fai o goberno de Pedro Sánchez ante o drama saharauí? Venderlle armas a Marrocos, ese socio estratéxico que convén ter contento, tanto para Madrid como para Europa, a fin de que contribúa a parar a sangría migratoria subsahariana. E para que simultaneamente colabore con calquera operación "anti-xihadista" en solo español, porque moitos dos "xihadistas" que chegan a Europa veñen do Magreb.

Madrid segue a apostar pola súa diplomacia dilixente con Rabat e precaria coa causa saharauí, sen visos de dar un golpe na mesa que obrigue a retomar as nego-

ciacións e impulsar un acordo de paz definitivo e xusto. Desestima off the record asistir a un pobo saharauí que reclama polo seu dereito á autodeterminación. A xeopolítica trazada pola realpolitik é mais poderosa. E os negocios, armamentísticos neste caso, son xugosos. Por iso, o Estado español está en débeda moral co pobo sa-



harauí.

E seguen así as preguntas: que fai Madrid para impulsar unha lexítima negociación que recoñeza o estatuto oficial e lexítimo da República Árabe Saharaí Democrática (RASD), un Estado de feito recoñecido por mais de 50 países membros da ONU? Apostar pola diplomacia ou mais ben pola continuidade dun conflito para non "irritar" ao incómodo pero estratéxicamente importante veciño marroquí?

Debe recalcarse que o Sáhara é un "territorio non autónomo" que está en proceso de descolonización por parte da ONU. Por tanto, España segue a ser a potencia administradora deste territorio. Así, a diplomacia española debe ser, se cabe, o actor principal para dar solución a este asunto vía ONU. Pero non, a experiencia destas tres décadas dende o alto ao fogo é que España non é o actor protagonista. Ou non lle interesa. O seu papel "diplomático" foi ocupado por EE.UU e outras veces por

Francia, se cabe con intereses mais dóciles coa monarquía alauíta marroquí.

O 2020 da pandemia finaliza con tensións bélicas en diversas áreas do planeta. Durante tres meses, no enclave armenio de Nagorno Karabaj retomouse un conflito estacando que deixou un millar de mortos. Mentres o mundo asistía impávido á "telenovela" das eleccións USA, Etiopía volvía a diluírse na súa guerra civil, toda vez o seu presidente, curiosamente un ex Premio Nobel da Paz, anunciaba o retorno das hostilidades.

O Sáhara, tantas veces silenciado e vilipendiado polas grandes potencias, volve a guerra. Así finaliza o 2020. Que nos agardará entón o 2021?



MANUEL ESTEVEZ

Gabriel Barros, a voz dos Rolling Stones Galegos, Os Xeixos

O mariñense que tivo como berce o Barrio de Cantodarea, xa se perfilaba un artista sendo xoven, apostando primeiro pola música no conxunto os 5 Platinos que logo mais tarde, mudaron o nome "Os Xeixos", ou mesmo dicir Os Rolling Stons galegos.

Subían o palco impecablemente vestidos con chaquetas encarnadas e camisas con chorreras ou mesmo traxe branco e camisa negra, percorrendo a xeografía galega de festa en festa ou salas de aquí e acolá, compartillando cenarios con outras afeccionadas orquestras galaicas, de Marín ou Pontevedra, as que levaban a palma musical, xunto coas de A Coruña.

Un dos temas preferidos de Gabriel Barros "Mi tierra gallega", de Os Tamara e igoalmente do mesmo elenco musical "A Santiago voy", así como "Un beso y una flor" de Nino Bravo, sen esquecer a Antonio Machín.

Detrás do vocalista estaban outros músicos, Casto, nos teclados; Xosé de la Torre, clarinete, saxofonista e os que hoxe xa non están, Xosé Eirín Fariña, batería; Roxelio Manuel Pazos Freitas, mais coñecido como "Charneco" no baixo e Cholo Briones, trompeta.

Lembra a voz do grupo, que nunha actuación no Concello de O Rosal, na Liga de Amigos, onde ficara sen voz, recomendalle o camareiro da Entidade Socio Cul-

tural, unha -Vaca Verde-, pensando Gabriel Barros que lle estaban a gastar unha broma, máis cando lle serviran un "peper-mint", con leite quente, a cousa mudou, pois fora eficaz e voltou a subir ao palco cantando con naturalidade.

Hoxe Gabriel Barros, está inmerso noutra faceta creativa que sempre cultivou, a pintura. A primeira mostra tivo lugar na Asociación Santa Cecilia de Marín, no ano 1998

Seus cadros foron contemplados en Salas de Exposicións de A Estrada, Forcarei, Combarro, Casa da Cultura de Seixo e con grande suceso no Museo Manuel Torres de Marín, sempre moi concurrido cando presenta a súa obra.

Dende a atalaia ou estudio, un ático ou estudio na Rúa Ezequiel Massoni, cada día, pinta temas mariñeiros, praias ou espazos circundantes como a Illa de Tambo, as praias de Portocelo e Mogor, mais



tamen aparecen pontes medievais, así como espigueiros e cruceiros que se estenden de lado a lado de Galicia.

Espazo gastronómico a Lonxa Vella de Cantodarea, pendura unha obra saída do Estudio, onde están patentes os trazos do polifacético marinense. Os inesquecibles pintores coterráneos opinaron da súa obra, Manuel Torres "pinta como unha muller, detallista"; Soneira "o mellor que pinta as pedras" e Xosé Eirín, considerabao como un pintor naifs.

FUCO PRADO



Comezan as obras dunha área recreativa en Oleiros – Teans

O Concello de Salvaterra ven de adxudicar as obras de creación da Área Recreativa de Teans en Oleiros, financiadas a través das axudas e inversión non produtivas vinculadas a realización de obxectivos agroambientais e climáticos en Concellos incluídos en Rede Natura 2000 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda por importe de 23.262,67€ . Un espazo de uso recreativo que busca potenciar os espazos naturais e que se atopa ao lado do Espazo Termal que o Concello está construíndo: unha zona de baños con catro charcas que se abastecen



dende un manantial de auga quente captado a beira do río.

Esta área recreativa busca ser un complemento a esta actuación, xa que o que pretende o Concello é implantar nunha parcela anexa de propiedade municipal, un área recreativa de 4.150m2. As accións contempladas serán a pavimentación

con xabre, delimitación por un bordillo da zona, crear unha zona verde e dotar o espazo con mobiliario urbano. Esta actuación é un primeiro paso para emprender a rexeneración deste sistema natural na marxe do Río Miño e que busca ser un espazo de esparcemento para os veciños e veciñas do municipio

A automoción renuncia á Plisan para a súa plataforma loxística

A plataforma loxística do automóbil, proxecto que busca crear un macroalmacén compartido polos fabricantes de compoñentes para aforrar custos de desprazamento e maximizar cargas, non estará finalmente na Plisan. O lento desenvolvemento do porto seco, sobre todo do sector que estará conectado por ferrocarril, levou aos promotores do complexo para buscar outro empra-

mento para acurtar os prazos ante a urxencia das empresas do auto por dispoñer dunha infraestrutura destas características. A Zona Franca aprobou a convocatoria dun concurso para buscar, na contorna de Vigo, unha parcela de 20.000 metros cadrados para acoller a plataforma, que deberá contar si ou si con acceso a un vial de alta capacidade (autotoestrada ou autovía) e á liña de ferrocarril.

Salvaterra, Comunal Chan da Ponte

Fai anos que veñen sucedendo cousas no Monte Comunal de Salvaterra, que non deberían suceder nunca, (véxase A Peneira 1ª outubro 1990).

Vai por diante que os Montes Comunais son INDIVISIBLES, INALIENABLES, IMPRESCRIPTIBLES e INEMBARGABLES, é dicir, non se poden dividir, non se poden vender, sempre conservan o seu carácter de comunais e tampouco se poden embargar. (Lei de Montes 31/1989 e Lei de Montes 2012).

Dito isto, hai que lembrar que:

1º.- As Normas Subsidiarias polas que se rexe urbanísticamente o Concello de Salvaterra de Miño, contemplan claramente a existencia do Monte Comunal Chan da Ponte, con unha cabida de 367.500 m2.

Calquera pode observar como ese Monte Comunal está en grande parte, vendido en parcelas a distintas empresas, inclusive a día de hoxe, hai parcelas que están a venda ofertadas por inmobiliarias.

Con enganar, malas artes e peores cómplices, primeiro lograron afastalo da clasi-

ficación e máis tarde comezaron as vendas. Hai nomes e apelidos.

¿Cómo é posible que sucederá isto?. O dito monte está inscrito dende os anos 50, a nome do Concello no Rexistro da Propiedade, igual que o resto dos Montes Comunais de Salvaterra de Miño. A Lei fala nos seus casos de, “xestión cautelar pola Administración”, pero endexamáis permite vender.

Ula a responsabilidade das distintas Administracións, Local e Autonómica, de preservar os Montes Comunais?. É os Notarios, é os Rexistradores?

¿Cabe a posibilidade de que esteamos ante un caso de “presunto delito” de prevaricación administrativa continuada?

De momento a Comunidade de Montes Veciñais de Salvaterra, vímonos obrigados a presentar a primeira demanda reivindicatoria dunha parcela, confiamos que coa Lei na man, co informe histórico contundente e co informe técnico incontestable, nos den a razón. Solo é o principio.

2º.- Nesas mesmas Normas Subsidiarias,

onde fala de Industria categoría 3ª, no apartado 3. 4. 2. 3.- Condicións, específica:

“Además de las condiciones de uso, volumen y Ordenanzas de la zona en que se ubiquen, cumplirán con la normativa en materia de industria. En particular, aquellas que puedan causar molestias a la población y al medio ambiente, en especial...”. “Sin embargo, aquellas que estuvieran legalmente instaladas en el momento de entrada en vigor de las presentes Normas Subsidiarias podrán aumentar la superficie edificada, destinada a industria, en el mismo solar que ocupan...”. “No se admitirá en ningún caso la ampliación sobre terrenos adquiridos con posterioridad a la fecha indicada, ni siquiera para su utilización como patio o almacén de materiales.”

No Monte Comunal existe unha empresa moi coñecida, adicada a transformación de grandes bloques pétreos, cuxos responsables convirten en papel mollado estas Normas Subsidiarias, porque:

Estan traballando dende fai anos fora do solar que lles corresponde. Teñen cortado o camiño de servizo ás distintas parcelas dos montes chamados Queimados

e Vasco de Puga, estano utilizando industrialmente, incluso instalaban un guindaste ponte. Os veciños non poden utilizar o camiño.

Como consecuencia desta actividade, amorean nas parcelas de monte privado que foron comprando, miles de toneladas de refugallo de pedra, causando un problema medioambiental de considerable magnitude.

Utilizan camiños de montes privados para actividades industriais, incluso teñen ocupada con bloques de pedra outra parcela de Monte Comunal que non foi vendida.

Ula a responsabilidade das distintas Administracións, Local e Autonómica, a pesares das reiteradas denuncias?. Miran para outro lado?. Fan que fan, para que todo siga igual?.

Eu preguntome se pode ser este outro caso de “presunto delito” de prevaricación administrativa continuada?

A ver si temos sorte e chega iste chío a mans da Fiscalía Provincial e de paso se interesan polo asunto.

Salvaterra de Miño a 8 de decembro de 2020

Antón Lorenzo Glez., Presidente da Comunidade de Montes.

CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA

O gran catador Luís Paadín presentou no Museo da Ciencia do Viño do Condado a súa última guía sobre viños

O venres 11 de decembro, no Museo da Ciencia do Viño do Condado do Tea, en Salvaterra de Miño, presentouse a "Guía de Viños, Destilados e Adegas de Galicia 2021".

Xunto ao autor, Luís Paadín, estiveron Antonio Alén, Gran Mestre da "Confraría dúas Viños do Condado do Tea e Espumosos" e a alcaldesa de Salvaterra de Miño,

Marta Valcárcel.

Este novo libro con máis de 500 páxinas a cor recolle 1.200 fichas de cata de viños e destilados, información diversa sobre os premios recibidos por cada un deles, así como información das máis de 500 adegas e destilerías galegas amparadas polas diferentes Dúas de Galicia.

Esta guía non só converteuse

nun vademécum para os consumidores de viños galegos senón tamén nunha prezada ferramenta para os profesionais do sector.

Nas súas once edicións logrou conquistar numerosos premios como son os Gourmand Awards ao "Mellor Libro de Bebidas do Mundo" no 2017 ou o International Wine Awards como a mellor Guía de viños de España.



Reunión entre a alcaldesa de Salvaterra e a Conselleira de Infraestruturas

Alcaldesa de Salvaterra de Miño, Marta Valcárcel, ven de reunirse coa Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Mª Vázquez Mourelle, co fin de avanzar no programa de inversións no municipio.

A Conselleira e a Alcaldesa coinciden na importancia de certas liñas de actuación e así priorízanse varias actuacións fundamentais como son a financiación da Depuradora do Mendo e o saneamento de Oleiros e o convenio de traspaso de varias estradas autonómicas que quedaran enriba da mesa a consecuencia da COVID-19 e que



permitirán a apertura da Rúa Galicia no Casco Urbano.

Ademais analizaron o estado no que se encontra a redacción do proxecto de ampliación da Ponte Internacional que une

Salvaterra e Moncao, un proxecto pioneiro que busca fomentar a mobilidade internacional sostible e que se está realizando da man de Infraestruturas de Portugal.

"O Amor non golpea, acariña", gañador do X Concurso Slogans Violencia de Xénero

O lema "O Amor non golpea, acariña" do estudante Lucas Chorén Mosquera, de 4º A do IES de Salvaterra do Miño, foi o gañador da X edición do Concurso Slogans Violencia de Xénero 2020, que organizou o Concello de Salvaterra a través do Programa de Educación e Intervención Familiar do Departamento de Servicios Sociais.

Este concurso está dirixido ao alumnado do IES de Salvaterra. Como segundos premiados quedaron os alumnos Sara Pazos Vázquez (4º D), Cristian Páramos López (4º B) e Nacho Novás Sobrino (1º A), cuxos lemas foron igual-

mente recoñecidos.

O concurso conta con 4 premios, tres deles valorados en 50€ canxeables por material educativo, deportivo, roupa e/ou música, e un primeiro premio, o slogan gañador, que ademais de recibir 150 euros canxeable ao igual que os anteriores, será o lema que se empregue na campaña de prevención e sensibilización 2021.

Esta edición 2020 tivo igualmente incidencia debido ao contexto da pandemia da COVID 19, no que o tema da violencia de xénero tomou especial importancia tomando en conta os confinamentos e as restricións de mobilidade.



ACiP esixe a apertura inmediata do Centro Aspródico para discapacitados

A Concelleira de Alternativa Cidadá de Ponteareas (ACiP), Raquel Bautista Alfaya, reclamou ao Concello de Ponteareas a posta en marcha da aula de obradoiros ocupacionais do Centro Aspródico para persoas discapacitadas, que leva pechado nos últimos catro meses por mor da COVID 19.

Estes obradoiros utilízanos uns 13 usuarios con discapacidades intelectuais ou físicas. ACiP esixe a reapertura "urxente dun servizo prioritario e demandado", toda vez informan das dificultades para atopar prazas



para estas persoas noutros centros debido a que, precisamente, este labor de atención aos discapacitados é responsabilidade do Centro Aspródico dende a súa creación en 1995.

A aparición de tubarías con amianto condiciona as obras da Praza de Bugallal

O Concello de Ponteareas informou da aparición na Praza de Bugallal de tubarías soterradas de fibrocemento con amianto, destinadas ao abastecemento de auga. Segundo o goberno local trátase de conducións antigas que nunca foron renovadas e cuxa existencia non constaba no Concello. "Cada vez que se escava unha rúa de Ponteareas aparecen sorpresas como consecuencia de dé-

cadadas de descontrol na ocupación do subsolo", salientan desde o goberno municipal.

O amianto é un composto mineral que se atopa no fibrocemento e pode ser perigoso para a saúde humana. A súa comercialización e uso está prohibido desde 2001. A súa aparición nas primeiras escavacións da Praza de Bugallal conlevou que os responsabeis de seguridade e saúde da obra activasen

o protocolo especial de retirada de amianto. Seguindo o protocolo a empresa adxudicataria e Viaqua, concesionaria do abastecemento de auga, están facendo os traballos para localizar máis tubarías con amianto que poidan existir no ámbito da obra. Seguidamente contrátanse os traballos de retirada do fibrocemento a unha empresa autorizada para o tratamento deste material perigoso.

A humanización soterrará os cableados da rúa Redondela

Tras dous anos de espera, o Concello de Ponteareas e a compañía de telefonía alcanzaron un acordo para o soterramento dos cableados telefónicos que permitirá manter o proxecto de humanización da rúa Redondela.

O Concello decantouse da opción de soterrar os cableados e retirar postes das beirarrúas, que liberará de obstáculos físicos e visuais a nova rúa Redondela e

dará unha imaxe máis limpa. Tamén anunciou o acondicionamento do novo aparcadoiro da rúa Alexandre Bóveda, na esquina con Rúa Redondela que suporá a dotación dunhas 40 prazas de aparcamento.

As obras da rúa Redondela son financiadas nun 80% cos fondos europeos FEDER, no marco da estratexia de futuro "Ponteareas, hábitat saudable", comprometida coa Axenda 2030 da ONU.

Ponteareas pon en marcha novas axudas á hostalaría

O Concello de Ponteareas puxo en marcha unha nova liña de apoio complementario ao sector da hostalaría local para tentar rebaixar o impacto do peche decretado pola Xunta de Galicia durante o mes de novembro por mor da pandemia.

A concelleira de promoción Económica, Eva Gil e o alcalde, Xosé Represas, mantiveron reunións telemáticas cos directivos do sector, presentando esta nova liña de axudas de inicialmente 25.000 euros, con posibilidade de incrementarse. As axudas serán

todas de 300 euros e poderán beneficiarse autónomos e empresarios con negocios abertos en Ponteareas e aqueles con servizo a domicilio. A esta liña súmase a de 230.000 euros que xa está aberta para todo tipo de negocios.

Outra das medidas é a bonificación do 95% das taxas das terrazas ata o 31 de decembro de 2021. O Concello tamén contempla eximir do pago ou compensar os recibos municipais do lixo e da auga a todos os negocios e tamén apostar en 2021 por medidas de incentivo para o comercio local.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

O PP de Ponteareas critica a paralización da obra da Praza Bugallal

O Grupo Municipal do Partido Popular criticou ao goberno bipartito BNG-PSdG pola súbita paralización da obra na Praza Bugallal, aducindo a "falta de rigor" do alcalde Xosé Represas e ante a denuncia dun grupo ecoloxista por motivo da aparición de tubaxes de amianto que non estaban documentadas.

Os populares criticaron que o alcalde Represas non coñecera da existencia destes tubaxes de amianto nunha praza "que ten máis de 40 anos". Toda vez, afirmaron que este material é o mesmo que había noutras moitas rúas do centro urbano ponteareán que xa se foron humanizando durante o últimos dez anos de gobernos

do PP, e nas tamén que se foron cambiando esas tubaxes de fibrocemento.

Criticaron igualmente que esta actitude do alcalde supón un desvío de atención para non explicar aos veciños ponteareáns o por qué o goberno municipal non impulsou a construción dun aparcamento subterráneo nesta praza.

O Bipartito volve a prorrogar irregularmente o servizo de "axuda no fogar" por tramitar mal o expediente

O Grupo do PP sospeita que o bipartito (BNG-PSOE) pode ter montado unha especie de "chiringuito" na adxudicación e contratación do servizo de "Axuda no fogar" que por terceiro ano consecutivo prorrogase irregularmente, "unha vez máis se privatiza".

Os populares consideran moi rechamante que no ano 2017 o bipartito deixase caducar o con-

trato dun servizo financiado pola Xunta de Galicia e prorrogáseno sen pregos e sen sacalo a concurso público, incrementando o custo nun 24%. Por entón, e a pesar de que a prórroga non podería efectuarse, privatizouse o servizo e a partir de aí iniciaron a nova licitación varias veces, todas elas con erros na tramitación, que levou a que llo anulasen en 2018, en 2019 e agora en 2020.

O PP lembra que esta é a terceira vez que o TAC (Tribunal Administrativo de Contratación) anula a licitación e tómballes o procedemento. "Falamos dun contrato de case un millón de euros ao ano, que o goberno local decidiu privatizar, recorrendo ao escurantismo que lle caracteriza, non dando participación nin información aos grupos da oposición".

Recorte do 25% en deporte no orzamento 2021

Belén Villar, voceira municipal do PP, denunciou que os orzamentos municipais 2021 contemplan o recorte dun 25% na partida para a promoción do deporte local. Este recorte pasa de 296.719,55€ en 2020 a 222.139,73€ en 2021, apenas un 1% dos 18 millóns de euros previstos nese orzamento.

A crítica principal a este recorte

"incomprensible, inadmisible e non xustificable" focalízase nas partidas orzamentarias destinadas aos clubs deportivos de Ponteareas, que se reducen en 10.000 €, toda vez suprimese un convenio de 9.000 € co Club Ciclista Ponteareas. Villar tamén criticou que a única acción orzamentaria prevista é a renovación do céspede artificial do campo de Pardellas,

financiada integramente pola Deputación de Pontevedra.

Villar presentou unha serie de emendas ao orzamento municipal 2021, votadas en contra polo goberno local, e que estipulan partidas para os clubs deportivos ata 100.000 €. Criticou que esta redución en deporte contrasta co aumento salarial do 60% para o persoal do goberno municipal.

O PP denuncia que o bipartito fixo diferenciacións entre os veciños de Moreira co abastecemento de auga

O Grupo Municipal do PP lamenta a diferenciación creada polo Goberno local (BNG-PSOE) que, sen ningún tipo de criterio e explicación, cobrou a uns veciños máis que a outros polo servizo de abastecemento de auga na parroquia de Moreira, saltouse a ordenanza municipal e obrigou a varios veciños a pagar pola instalación da arqueta.

Os populares lémbrenlle ao alcalde que a rede de abastecemento de auga é competencia municipal e é o goberno local quen debe facer chegar o servizo a todos os veciños, ata o linde das súas parcelas, e existe unha ordenanza municipal, de cumprimento para todos, que establece xa unha taxa para o alta do servizo por importe de 186,07 euros. "Na zona de Macadín non

houbo problemas, con todo os veciños da Feira e A Peroxa tiveron que pagar, ademais da taxa, os gastos das arquetas, uns 70 euros por vivenda", explican os populares.

O PP solicitou mediante moción a devolución do importe que estes veciños tiveron que efectuar e pedirá explicacións ao alcalde antes este agravio comparativo entre veciños.

Ponteareas lanza unha nova convocatoria de subvencións para deportistas de nivel

A concellería de Deportes, que dirixe en funcións Miguel Bouzó, pon en marcha unha nova convocatoria de subvencións para o apoio a deportistas federados de Ponteareas, coa intención de fomentar o deporte de nivel no municipio.

O obxectivo destas bolsas é "colaborar cos deportistas ponteareáns participantes durante o ano 2020 en campionatos oficiais do Estado Español ou de nivel superior, convocatorias da selección galega ou española

ou probas de nivel competitivo superior aos campionatos galegos, recoñecidas pola Federación correspondente".

Son subvencionábeis aqueles gastos xerados para a práctica deportiva das persoas beneficiarias, como poden ser os desprazamentos, aloxamento, manutención, material deportivo ou expedicións de licenzas federativas. Bouzó aclarou que estas axudas "son compatíbeis con outras axudas públicas ou privadas concedidas para a mesma finalidade".

ACiP pide planificación nas obras do centro urbán

O voceiro municipal de Alternativa Cidadá de Ponteareas (ACiP) Juan Carlos González Carrera defende que as obras que o Concello está a realizar no centro urbán ponteareán se realicen "con sentido e planificación" para facilitar a mobilidade e evitar problemas de tráfico.

ACiP considera que esta situación crea molestias entre a cidadanía ponteareán que se despraza a Concellos limítrofes para realizar as súas compras, ademais do "acoso" da Policía

Local. Criticou así a paralización das obras diante da Gardería Municipal Domínguez Benavides, da Rúa Castañal que dá acceso á estación de autobuses, e da Praza Bugallal, paralizadas desde fai mes e medio.

González Carreira denunciou tamén que Ponteareas "está tomada polas empresas construtoras" adxudicatarias que subcontratan na súa totalidade as obras cando está prohibido por lei, e que non teñen ningún tipo de control por parte do goberno municipal BNG-PSdG.

Obras para a seguridade vial no IES O Barral

Os concelleiros de Mobilidade e Tráfico, Roberto Mera, e de Vías e Obras, Chus Garrote, do Concello de Ponteareas, anunciaron o inicio das obras de mellora da seguridade vial, acceso peonil, semáforo, iluminación e renovación de



canalización de recollida de augas pluviais na N-120 á altura do IES do Barral.

As obras supoñen un inves-

timento de 44.000 euros e agárdase estean rematadas antes do reinicio do curso escolar tralas vacacións de Nadal.

PONTEAREAS

Iniciado o proceso de selección de 5 novos axentes e un oficial para a Policía Local

A Academia Galega de Seguridade informou ao Concello do inicio dos trámites para seleccionar durante os vindeiros meses a cinco novos axentes e un oficial no marco das prazas ofertadas polo Concello de Ponteareas na oferta pública de emprego dos anos 2019 e 2020.

Por outra banda, esta semana tomaron posesión tres novos axentes e o oficial que superaron nos últimos meses o seu período de prácticas. Deste xeito, o cadro de persoal da Policía Local está formado actualmente por un oficial e once axentes aos que se unen cinco auxiliares temporais. Tan só un axente está actualmente de baixa laboral. Cos procesos de selección en marcha, o cadro de persoal da policía acadará entre



Tres novos axentes e un oficial tomaron posesión.

o ano 2021 e 2022 os dezoito efectivos, sen contar auxiliares temporais.

Ao inicio do mandato, en xuño de 2019, a Policía contaba unicamente cun oficial en prácticas e

sete axentes dos que tres se atopaban de baixa laboral. Deste xeito o Concello só contaba con cinco efectivos dispoñíbeis. Un ano e medio despois os axentes activos na Policía Local duplicáronse.

Ponteareas súmase á “Iniciativa Xabarín” de difusión do galego

O Concello de Ponteareas sumouse á campaña popular para pedir a través dunha proposición no Parlamento Galego que a TVG se dote dunha maior oferta de contidos para a infancia e a mocidade, retomando a labor que no seu día efectuaba o “Xabarín Club”.

Esta campaña, impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística tras unha iniciativa particular, pretende ademais que a programación infantil e xuvenil estea dispoñible en todas as plataformas de contidos audiovisuais. Así mes-

mo, solicita que a Xunta realice as accións necesarias para a recepción mutua RTP – TVG en Galicia e Portugal segundo o contemplado na Carta Europea de Linguas Regionais ou Minoritarias.

As Concellerías de Lingua e de Mocidade, que dirixen Fernando Groba e Miguel Bouzón, amosan o seu apoio a esta iniciativa e poñen a disposición da cidadanía un punto de recolla de sinaturas na Biblioteca Pública Municipal para



apoiar esta petición. Para asinar, é necesario ser maior de 18 anos e posuír empadramento en calquera concello galego.

Ponteareas solidarízase co pobo saharauí



O Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, mantivo un encontro coa presidenta de Solidariedade Galega co Pobo Saharaui, Maite Isla, para a sinatura do convenio que permita desenvolver o programa de “Axuda alimentaria para os campamentos de refuxiados saharauís”.

Este convenio, por valor total de 6.000 €, permite a axuda no financiamento para procedementos de prevención da COVID-19 e evitar así un maior deterioro na situación humani-

taria, especialmente ante o aumento dun 73% na taxa de anemia entre as mulleres embarazadas e nais lactantes, e do 25% de malnutrición nos menores de 5 anos.

Debe destacarse que o Concello de Ponteareas viña mantendo un convenio con esta entidade dentro do programa Vacacións en Paz, enfocado no traslado dos nenos dos campos de refuxiados saharauís. Este convenio, suspendido pola pandemia, debeu agora adaptarse a esta nova realidade.

Obras de mellora de camiños en Fozara e Santiago de Oliveira

A concellaría de Vías, Obras e Iluminación que dirixe Chus Garrote executa importantes obras de mellora de camiños municipais en Fozara e Santiago de Oliveira, cunha inversión de 61.359,67€.

En Fozara conecta dous barrios, Outeiro de Castro e A Lomba, transformando un ca-

miño estreito de terra nun vial asfaltado de anchura suficiente para todo tipo de servizos.

En Santiago de Oliveira actuouse nun total de 1.655 metros limpando as marxes, abrindo cunetas e cubrindo cunha nova capa de rodadura de asfalto compactado mellorando o firme que xa estaba en malas condicións.

PINTURAS
BARCO LEÓN
PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES
Los precios más baratos del mercado
PINTAMOS SU CASA . PÍDANOS PRESUPUESTO
Paseo Matutino, 2 . 986 650 920 - 694 421 045 . Ponteareas
Villanueva, 18 . 986 651 145 - 609 366 364 . A Cañiza

INMOBILIARIA
MERCA VENDA
Casas
Locales
Fincas
Pisos
Ventas
Alquileres
Tasaciones
Presupuestos
Telfs: 986 642 510 - 645 882 020
Avenida Rosalía de Castro nº4, bajo, 36860 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

ENTREVISTA

Por Roberto Mansilla Blanco

Alfonso Rueda, Vicepresidente Primeiro e Conselleiro da Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia

"A seguridade está sendo a nosa maior prioridade de cara ao Xacobeo 2021"

Alfonso Rueda (Pontevedra, 1968) foi recentemente ratificado como Vicepresidente Primeiro e Conselleiro da Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia. Unha das figuras po-

líticas mais importantes do governo galego, Rueda respondeu para A Peneira-Novas do Eixo Atlántico facendo un repaso da actualidade galega e española.



1. Estamos fronte a unha nova etapa de goberno na Xunta de Galicia. Cales son os retos e prioridades para este novo período ata 2024?

Estamos ante unha etapa na que a pandemia o condiciona todo. O noso reto e a nosa prioridade é poder axudar en todo o que estea nas nosas mans aos galegos e galegas, con medidas económicas, que xa temos en marcha e con medidas sanitarias e sociais.

2. Paralelamente, os efectos da pandemia da COVID 19 seguen a causar preocupación. Que iniciativas está impulsando a Xunta de Galicia para avanzar de cara á recuperación económica e a normalización da situación sanitaria?

Seguimos enfrontando a crise sanitaria da Covid-19 con medidas de calado e un plan de continxencia para afrontar con garantías as necesidades asistenciais dos centros sanitarios galegos.

Ademais, a Xunta continúa a adoptar medidas nos distintos concellos galegos no marco das reunións do comité clínico que fai seguimento da evolución epidemiolóxica da Covid-19 na nosa comunidade. A prudencia que Galicia mantivo desde o inicio da pandemia demostrou bos resultados en cada fase da mesma e a prevención ten que seguir a marcar as decisións que se adopten para frear a expansión do virus.

3. En canto á hostalería, un dos sectores afectados polas derradeiras restricións, que plans de recuperación estima concretar o goberno galego?

A Xunta ten en marcha o Plan de rescate para persoas traballadoras autónomas, microempresas e o sector da hostalería. Todas as

axudas son complementarias e acumulables entre si polo que, no caso dos autónomos con establecementos hostaleiros, as contías das axudas poderán acadar os 9.200 euros, cifras que sitúan a Galicia á cabeza das comunidades autónomas en canto aos apoios dispensados a este sector.

4. O 2021 será Ano Santo Xacobeo, que precisamente acometerá unha situación atípica determinada pola COVID 19. Vostede acaba de asumir a Consellería de Turismo, entre outras responsabilidades. Como está traballando a Xunta de Galicia na promoción do Xacobeo 2021 neste novo contexto?

A seguridade está sendo a nosa maior prioridade nesta posta en marcha da celebración do Xacobeo 2021, un Ano Santo que efectivamente será atípico pero que estamos convencidos que será o mellor dos posibles. Para iso levamos moito tempo avanzando na posta en marcha de accións encamiñadas a que o Xacobeo sexa motor de riqueza sustentable para Galicia, estendendo os seus efectos de recuperación ao conxunto da economía e da sociedade galega.

Para iso apostamos por un Xacobeo aberto, descentralizado e desestacionalizador, mensaxes que trasladamos tamén á promoción na que estamos a traballar e que incidirá nas garantías sanitarias e nos atractivos da Ruta Xacobeana para atraer aos peregrinos.

Ademais, como evento participativo que é e co obxectivo de implicar ao conxunto da sociedade, puxemos en marcha un programa de mecenado que nos permitiu captar ata o momento máis de 17.5 millóns de euros en patrocinios e un programa de axudas específicas para a dinamización so-

ciocultural do Camiño e do Xacobeo 2021, O Teu Xacobeo, nos que investimos 4.7 millóns de euros e que, debido ao seu éxito, prorrogamos cunha segunda convocatoria cun orzamento de 3,3 millóns de euros, e que nos está a permitir estender o fenómeno xacobeo por todo o noso territorio.

5. Neste sentido, un dos eidos estratéxicos é a comunicación. A Xunta acaba de anunciar un orzamento de 7,9 millóns de euros para potenciar a comunicación e o turismo de cara ao Xacobeo. Pode comentarnos as iniciativas ao respecto?

Independentemente de outras accións máis puntuais, como o pistoletazo de saída deste acontecemento que daremos ao final deste ano 2020, a Xunta vén de convocar a través de Turismo de Galicia un concurso público ao obxecto de desenvolver unha gran campaña de comunicación do Xacobeo 2021 e o destino Galicia que, xa desde o primeiro trimestre fará que Galicia, o Camiño de Santiago e o ano Santo teñan unha presenza sostida e senlleira ao longo de todo ano tanto na Comunidade galega como no resto de España e tamén no exterior. Deste xeito, a celebración do Ano Santo será o acontecemento con máis presenza pública do ano 2021 na nosa contorna.

6. Pasemos ao sector das infraestruturas. O goberno portugués acaba de anunciar a súa prioridade ao AVE Lisboa-Porto-Vigo, en detrimento da conexión Lisboa-Madrid. Que supón esta decisión para Galicia no apartado do seu desenvolvemento económico e de infraestruturas?

En relación co tren de alta velocidade Vigo-Porto, o posiciona-

mento do Goberno de Portugal a favor desa conexión e o seu compromiso de investimento fai ineludible unha resposta equivalente por parte do Goberno de España. Os galegos temos unha relación privilexiada co Norte luso, é un valor para toda España que temos que aproveitar dotándoa das infraestruturas axeitadas. O Goberno de España ten que comprometerse en firme co AVE Vigo-Porto, sabendo, tamén, que é un proxecto que acumula moito retraso.

7. Temos unha situación política tensa a nivel estatal, en particular polos apoios políticos acadados polo goberno central para a aprobación dos Orzamentos Xerais do Estado 2021. Como observa este contexto e como afecta a Galicia?

A Xunta lamenta que o proxecto de orzamentos para 2021 rebaixe o investimento previsto para Galicia nun 11% en relación aos últimos orzamentos aprobados polo Goberno anterior, e que se quede en 832 millóns de euros, a cifra máis baixa dos últimos 15 anos.

Non son os orzamentos que necesita España neste momento porque prexudican ás clases medias e ás empresas debido á suba da presión fiscal porque desincentivan a actividade empresarial, que é a que xera emprego. Ademais, é un orzamento que acentúa as desigualdades entre as Comunidades Autónomas primando os investimentos nalgunhas delas a costa de outras como Galicia.

8. Finalmente, como observa a "Lei Celáa" en materia educa-

tiva e como considera afectará a Galicia?

En Galicia apostamos por preservar a calidade do noso sistema educativo ante unha LOMLOE que deriva a unha merma da calidade, da equidade e da igualdade de oportunidades; di reforzar a inclusión educativa, pero non atende debidamente a diversidade do alumnado e vai en contra dos elementos vertebrais do conxunto de España.

Ademais, pretende crear unha confrontación no ámbito da lingua, un problema que na nosa Comunidade non existe debido a que Galicia é un referente cun modelo de bilingüismo normalizado, avalado polos resultados do informe PISA.

En canto á dotación de recursos, o Goberno central lembra ás comunidades a obriga de garantir de forma gratuíta os servizos de comedor e transporte, pero non ten en conta para o reparto de fondos que Galicia concentra o 21,6% do gasto de toda España en transporte escolar e o 10% en comedores.

Diante das medidas que está a tomar xa o Ministerio de Educación, e que prexudican o sistema, o Goberno galego aprobou unhas instrucións para corrixir en Galicia os defectos do decreto do aprobado xeral e acaba de lanzar unha formación específica para os docentes que sexa necesario contratar sen Máster, fronte ao Ministerio, que decidiu non esixirles nin unha mínima formación pedagóxica.

Arbo conmemora o 25N cos alumnos do CEIP Antonio Carpintero



O pasado 24 de novembro entregáronse no Colexio Antonio Carpintero os contos de Os Bolechas "En Arbo somos iguais", co gallo da celebración do 25N, día internacional contra a Violencia de Xénero.

A concelleira de Educación e Igualdade, Salomé Troncoso, xunto co director Javier Rodríguez, fixeron un acto de entrega no patio do colexio aos alumnos de 6º de Ed. Primaria, e ao día seguinte os titores repartiron un

libro a todos os alumnos e alumnas, en total máis de 135 libros.

O 25 de novembro e como acto principal o Concello instalou mesas de información sobre a igualdade no Centro de Saude, na Praza de Abastos e na Praza Consistorio.

Arbo finaliza as obras no parque empresarial

O Concello de Arbo, a través dunha achega da Consellería de Economía, Emprego e Industria realizou melloras nas beirarúas do Parque Empresarial de Arbo, que se atopaban en mal estado.

As obras que contaron cun orzamento de 27.687,20€., enmárcanse na estratexia municipal

de impulso da actividade deste recinto e a reactivación económica de Arbo ante a crise da COVID-19.

Así, realizouse o saneo nas zonas máis deterioradas, a demolición dos tramos en asfalto, e estendido dunha solera de formigón nas zonas nas que se carece da mesma e o estendido dunha capa de slurry coloreado.



"Comprar en Arbo ten premio"

Un ano mais, o Concello de Arbo puxo en marcha a campaña "Comprar en Arbo ten premio", en colaboración coa asociación de comerciantes do municipio, na que participan máis

de oitenta establecementos da localidade e que busca a atracción e fidelización dos clientes.

Os negocios repartiron entre os seus clientes preto de 150.000 rifas polas súas compras, con

3.800 euros en premios. O sorteo efectuarase en xaneiro de 2021, repartindo os vales para descontar nos comercios, bares, restaurantes e empresas de Arbo que participan na Campaña de Nadal.

Convocado o Concurso para escolares sobre a Festa da Lamprea

O Concello de Arbo convoca e abre o praza de inscrición dun concurso de carteis e redacción con motivo da celebración da LXI Festa da Lamprea que será os días 23, 24 e 25 de abril de 2021.

O certame do cartel está dirixido aos alumnos do C.E.I.P Antonio Carpintero, mentres que o de redacción está só enfocado aos alumnos de 3º a 6º

de Primaria. O cartel e a redacción terán como tema central: Arbo, a LXI Festa da Lamprea, gastronomía, paisaxe, patrimonio, o viño, a lamprea, os ríos Miño, Cea, Deva, etc.

Os premios deste certame consistirán en material didáctico e xogos, entregándose dous premios por cada curso. Este concurso lévase realizando desde hai máis de 30 anos.

A Xunta pavimentará os accesos a Merelle e Porta Feito

A Xunta de Galicia e o Concello de Arbo asinaron un convenio de cooperación para a obra de pavimentación dos camiños de acceso ao lugar de Merelle (Cabeiras) e Porta Feito (Sela).

As obras, consisten en alargar o camiño de acceso a Merelle, ata alcanzar un ancho medio de 5,00 m., para posteriormente dotalo dunha capa de rodadura con mestura bituminosa en quente. Todo iso nunha lonxitude total de 373,00

metros lineais e dotar dunha capa de rodadura con mestura bituminosa en quente ao camiño de acceso a Porta Feito, en 185 ml, o cal se atopa actualmente en saburra. Completarase a actuación sobre o camiño, coa instalación dun sinal de STOP, e o pintada das marcas viarias de bordo de 15 cm de ancho.

As obras teñen a financiación do 100% por parte da Consellería do Medio Rural e o importe ascende a 46.902,09€.

Adxudicada a recollida de lixo

O Concello de Arbo, adxudica Servizo de recollida e transporte de fluxos recollidos selectivamente de envases lixeiros, papel/cartón e a recollida de residuos es-

peciais e/ou voluminosos, así como o tratamento dos residuos almacenados no Punto Limpo do Concello de Arbo. O contrato ascende 39.974,24 € cunha duración de dous anos.



ARBO

A VILA DA LAMPREA

CORAZÓN DOS VIÑOS CONDADO E ALBARIÑO

O Concello de Arbo
deséxalles aos seus veciños

**Bo Nadal
e Feliz Aninovo**

CONDADO/PARADANTA

Covelo dende a xanela

Ver pola ventá da nosa casa é un acto diario que facemos por rutina e que sen darnos conta nos afecta ao estado de ánimo e á nosa actitude para afrontar o día. O que percibimos a través das ventás non sempre sabemos como actúa sobre o noso espírito e estado de ánimo. O que si é certo, é que máis aló da ventá buscamos a luz, o aire fresco e limpo, as cores de cada época do ano e a presenza das persoas que forman parte da nosa vida para atoparmos o equilibrio que todas e todos precisamos na tarefa de sacar adiante as nosas vidas.

Neste ano, no que nos obrigaron a permanecer pechados nas casas, as ventás foron as que nos permitiron relacionarnos e mostrarlles aos demais os nosos sentimentos. Saímos a aplaudir-lles ás médicas e aos médicos, ás sanitarias e sanitarios, ás nosas persoas maiores das residencias, á Policía e forzas de seguridade; pero tamén mostramos a través delas a nosa protesta nunha forma de rabia e impotencia ante todo o que nos estaba pasando e xamais pensamos que podía acontecer. Nas nosas casas, tamén a través da xanela, contemplamos a nosa fragilidade, e pechados na nosa angustia, démonos conta do moito que dependemos da sanidade e da atención e coidado dos demais.

Por iso, desde aquí, este ano quero mostrarlles o meu agradecemento público, en nome de todas e todos, das concelleiras e dos concelleiros da Corporación e de toda a veciñanza de Covelo, a todas as persoas integrantes da Agrupación de Protección Civil Oitavén-Tea, polo seu excelente labor de atención e coidado nos meses de confinamento; ao persoal médico e persoal sanitario de Covelo e Maceira,

ao persoal farmacéutico e empregadas e empregados das farmacias de Maceira e Covelo, aos axentes da Garda Civil de Covelo, ao persoal municipal, ao persoal do Supermercado Atlántico, á tenda de alimentación Nardi, Carnicería Paraños, Gasolineira, Cárnica Fontefría e a todas aquelas persoas que estiveron especialmente expostas ao risco da enfermidade no exercicio do seu traballo e no servizo público á comunidade.

Volvemos a asomarnos a ventá, agora para enfrontarnos a un tempo novo tan cheo de incertezas como de oportunidades, para afrontar unha nova vida nas vilas e aldeas, que nunca debemos abandonar. E así, volvemos mirar as nosas casas do rural como aquel lugar que deixamos enganados polas luces da cidade e no que agora atopamos a verdadeira liberdade que saímos buscar fóra. Démonos conta de que no rural temos moitos máis servizos e mellor atención da que pensabamos, que a vida é máis doce e tranquila, que temos moitas cousas que facer e que non perdemos o tempo en atascos ou na busca de aparcamento, que non hai colas interminables, nin semáforos sempre en vermello nin ruído e contaminación. E se nos apetece ir á cidade, témola tamén a 35 minutos... o tempo de ollar pola xanela.

E como a vida continúa o seu camiño imparabile, todas e todos desexamos ver desde a ventá como esmorece este mal ano, para empezar a albiscar os novos aires do 2021 que, sen dúbida, traerán ideas renovadas, sentimentos de esperanza, ilusións ás nosas vidas e, de seguro, novas oportunidades ao noso pobo.

Deséxovos un feliz ano 2021. Desde a mellor xanela do mundo, a da túa vila.

O Concello das Neves colabora para cubrir os datos do censo agrario do INE

Nas últimas semanas veciñas e veciños das Neves recibiron nas súas casas por correo postal uns documentos do INE (Instituto Nacional de Estadística) relacionados coa actividade agraria.

Trátase dun cuestionario que é obrigatorio cubrir (Pode ser causa de sanción económica segundo recolle a Lei 12/89 da Función Estatística Pública) e que o Estado emprega para ter información estatística sobre a estrutura agraria e gandeira.

Este cuestionario pode cubrirse e enviar por correo no sobre que tamén se recibe ou cubri-lo de xeito electrónico por internet na páxina web: <https://www.ine.es/censoagrario2020/>.

Para axudar á veciñanza, o Concello das Neves ofrece a posibilidade mediante cita previa de colaborar para cumprir o cuestionario. Para isto, pode solicitarse cita previa chamando ao 986648038. Deben levar a documentación recibida por correo postal cando acudan ás oficinas municipais.

As Neves ten novo camión de lixo



O Concello das Neves vén de adquirir un novo camión de lixo subministrado pola empresa Ros Roca, gañadora do proceso de contratación pública, por valor de 113.135 euros.

O camión vén para mellorar o sistema de recollida da fracción resto podendo reducir unha das 6 rutas de recollida actuais e coa posibilidade de pasar a facer a recollida do contedor amarelo de envases. Esta adquisición tamén vai alongar a vida útil do outro camión ademais de reducir dos niveis de contaminación.

A adquisición do vehículo alongouse no tempo ata conseguir o financiamento, que finalmente será cuberto completamente con fondos da Deputación de Pontevedra, polo que; As Neves non tivo que dispor de fondos propios.

Dende hai uns anos o Concello das Neves ten asinado un convenio gratuito co Concello de Salceda grazas ao que viña utilizando o seu camión unha ou dúas veces por semana. O espírito de colaboración institucional manterase conveniando de novo a colaboración no uso de maquinaria.



Casa rectoral de Barja de Meri



A Corporación do Concello de Covelo
deséxalles aos seus veciños

**Bo Nadal
e
Feliz Aninovo**



O alcalde de Mondariz, reforzado tras superar unha cuestión de confianza

O goberno actualiza o orzamento municipal para o ano 2021 mediante este instrumento xurídico, obrigado pola negativa de AporM e PP a facilitar unha actualización orzamentaria pola vía ordinaria.

O Pleno da Corporación Municipal do Concello de Mondariz celebrou o 9 de decembro unha sesión extraordinaria para debater sobre unha cuestión de confianza vinculada á aprobación orzamentaria, despois de que os plans orzamentarios do goberno municipal para 2020 e 2021 foran rexeitados en xullo e novembro deste ano polos representantes de Alternativa por Mondariz e Partido Popular, que en conxunto suman sete votos.

O bloqueo político dunha significativa parte da oposición para actualizar uns orzamentos pensados para 2017 que xa non responden ás necesidades reais do Concello de Mondariz obrigou ao alcalde, Xosé Emilio Barros, a re-

correr ao instrumento xurídico da cuestión de confianza, que xa fora utilizado na pasada lexislatura polo goberno de Alternativa por Mondariz para aprobar os orzamentos de 2016 e 2017. Nesta ocasión, sen embargo, foi o último recurso despois dun ano de diálogo frustrado con todos os grupos da oposición que non se viu reflectido nas votacións plenarias.

A confianza no alcalde foi ratificada polo Pleno da Corporación Municipal, con cinco votos a favor (BNG, PSOE e C's), dúas abstencións (PP) e catro votos en contra (AporM). Consecuentemente, quedou aprobado o orzamento municipal para 2021, que ascende a 2.621.654,73 € e vén complementado con diferentes liñas de subvencións anuais procedentes doutros organismos públicos.

Ademais de habilitar unha partida orzamentaria para inversións que ata agora non existía, o goberno municipal introduxo nos orzamentos novas partidas



para o pago das obrigas financeiras referidas ao Centro de Día, tanto presentes como pendentes de pago, así como unha novedosa liña de axudas para traídas de augas veciñais, a posta en marcha dun próximo servizo de fosas sépticas e a previsión de cederlle ás entidades locais menores o 25 % dos impostos que lles corresponde por lei.

A Cañiza aproba o orzamento 2020



O Concello da Cañiza aprobou o seu Orzamento 2020, que ascende a 4.737.599,51€, cun capítulo de investimentos de 1.150.446,52€, totalmente financiado a excepción dun 3,95 % (45.502,67) que achegará o Concello para execución de obra pública.

Debe igualmente destacarse que este orzamento rebaixa en 8.000€ o gastos en dietas cobradas polos concelleiros por asistencia a plenos e comisións

informativas. Ata agora, cada vez que se convocaba un Pleno, xa fora ordinario ou extraordinario, lle costaba ao Concello 1.250€.

Esta aprobación permitirá entrar no ano 2021 cun orzamento consolidado e prorrogado á espera de coñecer a actualidade respecto dos fondos europeos e as súas liñas de inversión para as corporacións locais, o que facilitará a elaboración do orzamento deste novo ano.

A Cañiza analiza as súas posibilidades para acoller solo industrial

O Alcalde da Cañiza, Luís Piña, e a xerente de Solo Empresarial do Atlántico (SEA), Beatriz Sestayo, mantiveron unha xuntanza telemática para explorar as ventaxas que ten esta localidade para acoller solo industrial como lugar estratéxico do Sur de Galicia.

Sestayo está mantendo reunións con representantes municipais co obxectivo de avaliar a existencia de demanda real de solo industrial para impulsar o crecemento económico das diferentes localidades galegas. Deste xeito, a xerente da SEA comprometeuse a realizar unha visita á Cañiza o próximo 11 de xaneiro de 2021 para analizar a posibilidade de solo industrial neste Concello.

O alcalde Piña considerou que "A Cañiza é o nexo do sur de Galicia", con comunicación con Vigo,



Ourense, Santiago e Madrid por vías de alta capacidade e posibilidades dun futuro polígono industrial como plataforma loxística para almacenaxe e transporte, toda vez é a antesala da PLISAN (Plataforma Loxística Industrial de Salvaterra e As Neves).

A SEA é un organismo dependente nun 84% do Ministerio de

Transportes a través de SEPES, dun 14,26% da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo; dun 1,65% por ABANCA e dun 0,65% pola Xunta. Xestiona na actualidade 13 polígonos empresariais en Galicia nas provincias de A Coruña, Lugo e Pontevedra.

Servizo de préstamo de ordenadores para estudantes de familias vulnerables

O Alcalde Luís Piña presenta este novo recurso municipal de PRÉSTAMO DE MEDIOS TECNOLÓXICOS exclusivo para as familias incluídas nos programas de asistencia social e que teñan fill@s que estén cursando estudos de ensinanza obrigatoria.

A creación deste novo servizo está pensado e dirixido a aquelas familias que non poden afrontar a adquisición de ordenadores. Ferramenta indispensable para que os seus fillos poidan seguir a actividade lectiva na situación de obrigado cumprimento, derivada das medidas e órdenes decretadas polo Goberno de España e Comunidade Autónoma a raíz da pandemia COVID-19.

Inicialmente e para cubrir



as necesidades actuais o servizo está dotado de 5 dispositivos informáticos. Nun futuro poderase ampliar o número de ordenadores, se a situación o require.

A asignación dos dispositivos, ordenadores portátiles, establecerase segundo os criterios técnicos recollidos no anexo II do procedemento de concesión de prestacións sociais municipais (expediente 1064/2020) e a valoración social correspondente.

ENTREVISTA

Por Roberto Mansilla Blanco

Cristina Correa Pombal, alcaldesa do Concello de Oia

"En Oia estamos sendo bastante afortunados dende que comezou a pandemia"

Con 3.083 habitantes en 83 km² divididos en seis parroquias, o Concello de Oia é un punto importante de tránsito dentro da comarca do Baixo Miño do Camiño Portugués pola Costa. A súa

alcaldesa Cristina Correa Pombal recibiu ao noso xornal para falar da actualidade deste Concello e das iniciativas que se están levando a cabo, coa pandemia no foco de atención.



1. Recentemente foi galar-dada pola BRILAT co premio Dama Azor. Podería comentarnos o que significa esta distinción e cómo é a relación institucional entre o Concello de Oia e a BRILAT?

Para min, en primeiro termo, foi un honor e un orgullo que me deran ese premio. A verdade non era coñecedora deste premio Dama Azor. Era a primeira vez, este ano, que se lle daba a mulleres. É un recoñecemento pola colaboración cercana que se presta coa BRILAT. No noso caso, e tamén coa colaboración coa Comunidade de Montes de Burgueira, todos os anos a BRILAT ven facer unhas manobras de loxística no monte de Torroña, que fai parte da Comunidade de Montes de Burgueira. Despois, no que son os festexos, na festa da Virxe do Mar, que é a Patrona do Concello, como tamén no caso da Virxe do Rosario, en Torroña, de novo veñen a colaborar connosco. Estamos por tanto moi agradecidos pola súa colaboración, que é mutua.

2. Coa crise da pandemia, da BRILAT teñen igualmente colaborado co Concello en asuntos loxísticos?

Si, viñeron un día a facer manobras de loxística e xa para finais de novembro virán cun grupo, respectando o seu propio protocolo pola COVID, para facer algunha actividade no Concello.

3. O 2021 é Ano Santo Xacobeo e Oia é paso importante do Camiño Portugués pola Costa. Recentemente púxose en marcha en Oia o proxecto "Do Mosteiro a Santiago". Tamén está o con-

venio de recuperación ambiental en terreos na parroquia de Mougás, polo que transita este camiño. Qué podería comentarnos sobre estas iniciativas?

O proxecto "Do Mosteiro a Santiago" é un proxecto moi bonito, que comezou cunha proposta feita no Concello en 2019, porque forma parte da Convocatoria do Ano Xacobeo 2021 que se abriu o ano pasado, e despois ampliaron e prorrogaron polas circunstancias que coñecemos, levándose finalmente a cabo o pasado mes de outubro. O proxecto coaduxa varios puntos do noso interese como son, por unha banda, o Camiño Portugués pola Costa, e toda a relevancia que ten no eido socioeconómico no Concello, e despois o Cabalo de Pura Raza galega, porque tamén hai unha tradición que ven do século XIII que demostra que os monxes xa facían cría de cabalo salvaxe dos montes, e iso pareceunos moi interesante, a parte dos curros, evidentemente, que tódolos anos se celebran. Este 2020 tamén se celebraron aínda que sen público.

Xa avanzando o proxecto, decidiuse dar oportunidade aos usuarios dalgunhas asociacións sobre discapacidade funcional, para que puideran estar en contacto cos cabalos, facer o Camiño, aínda que fora só un tramo do Camiño, tomando en conta que cada unha destas persoas ten as súas limitacións, pero que si puideran experimenta-lo. Coa crise do coronavirus fomos adaptándonos dentro das limitacións establecidas, contando con grupos moi reducidos.

No caso dos terreos do Mougás,

está o tema do que era o antigo camping de Pedra Rubia, adquiriu a parcela o Concello fai pouco tempo, este mesmo ano, a través dunha subvención de compensación por parte de Vicepresidencia (da Xunta de Galicia), Turismo e no Plan Concellos para a recuperación do terreo, que está nun estado absolutamente lamentable e moi degradado. O obxectivo é poder recuperar un entorno natural sostible onde está ademais o albergue do Aguncheiro, que foi o primeiro albergue do Camiño Portugués da Costa. Estamos traballando nun proxecto de cara ao ano que vén, para ver se podemos conseguir algunha subvención e recuperar esa zona.

4. Na súa recente xuntanza coa delegada territorial da Xunta en Pontevedra, María Luisa Piñeiro Arco, analizouse a futura licitación da obra de restauración da igrexa monacal de Oia, cun investimento de máis de 770.000 euros. Cómo van as obras nese sentido?

A última reunión que tiveron, fai uns meses, estaba nunha fase de ultimar os detalles do proxecto, en particular duns acordos que tiña que haber entre o Bispado e o mosteiro por zonas comúns, que aceptaron a ámbolos dous, e tamén para xa licitar a execución do proxecto. Facía moita falta este proxecto porque a igrexa e o mosteiro non se entenden un sen o outro, e a igrexa está aquí a carón do mar, a salitre fai moito dano, a condensación é terrible, e o que se trata é de facer algunhas actuacións que paren esa situación de degradación que se está producindo no interior e

agardo que durante o ano que vén se poidan executar as obras. Así está previsto.

5. Que nos pode comentar sobre o estudo que impulsa Augas de Galicia sobre os mellores sistemas de depuración para cada parroquia do rural de Oia? Tamén das iniciativas Liña Verde Oia e Smart City?

Por unha parte temos un proxecto que se está redactando para ver cal é opción máis adecuada para dar unha solución ao que sería a zona da costa, se sería máis sostible contar cunha depuradora independente para esta Concello ou ben se servirse da depuradora que está actualmente en Cabo Silleiro.

Por outra banda, Oia vai formar parte dun estudo de Augas de Galicia para ver as alternativas de saneamento máis adecuadas para os distintos núcleos da zona interior. Chegamos a facer unha excursión e analizar con detenimento o que sería a depuración con prantas macrofitas. Foran uns veciños ao Concello de Abegondo para ver as solucións que alí están implantadas e volveron satisfeitos e convencidos de que era unha alternativa sostible. A través dese estudo teremos unha idea clara cara onde temos que dirixirnos, porque cada núcleo reunirá uns requisitos, e ver así

cal é a solución máis adecuada e máis sostible.

A iniciativa Liña Verde témolo implementado neste Concello xa fará dous anos. É unha aplicación moi sinxela onde calquera veciño ou usuario do Concello de Oia pode dar de alta calquera incidencia dende problemas de alumbrado ata das beira rúas, recollidas de enseres voluminosos, da vespa velutina, con ubicación GPS, e facilita moitas cousas para a xestión e control de todas esas incidencias, algo que considero moi importante desta aplicación.

6. Oia forma parte da campaña "Parte de ti" de apoio ao mundo rural. Pode comentarnos que iniciativas impulsa a Corporación Municipal dentro desta campaña?

Polo momento, polo tema COVID, estamos nun baixo perfil. Houbo proxectos que si se presentaron pero de momento prefiro seguir nesa liña ante a incertidumbre actual motivada pola pandemia. Hai proxectos que non son presenciais e búscanse alternativas telemáticas.

7. Precisamente está tamén o problema da COVID 19. Cal é a situación sobre os contaxios no municipio e cómo está acometendo o Concello as respectivas medidas sanitarias?

Dende que comezou a pande-

mia teño que dicir que estamos sendo bastante afortunados no Concello de Oia. Que causa pode supoñer que no noso Concello estemos en cor verde e non amarelo, laranxa ou vermello? A dispersión pode afectar pero eu creo que é un factor de sorte. quen non coñece a algún amigo ou familiar de Oia que non estivera en corentena? Porque traballa nunha fábrica ou porque o neto ou fillo estaba entrenando, etc. Hai moitas casuísticas de illamentos ou confinamentos que si se produciron e que foron con resultado negativo en canto a que non houbo contaxio ao final. Outro factor importante é que se detectaron pronto. Se ese nove, ou non mais de dez casos que se detectaron en Oia non se houberen detectado con inmediatez, como así se fixo, pois ó mellor estábamos falando de brotes, doutro calado.

8. Precisamente, AECT Río Miño, á que pertence o Concello de Oia, pediu recentemente fondos especiais para combater a COVID 19 dentro da contorna transfronteiriza. Como afectou a Oia o período de peche da fronteira con Portugal?

A relación Baixo Miño-Portugal é unha relación tan estreita onde se fai vida normal, os españois imos a Portugal e os portugueses veñen ata aquí. Dende o punto de vista turístico, a maior parte dos visitantes nosos son portugueses. Evidentemente, o peche da fronteira e os meses de confinamento tan drásticos afectaron radicalmente xa que estamos moi interrelacionados con Portugal. Despois no verán advertimos que houbo visitantes portugueses que pasaron pola Oficina de Turismo de Oia, e rexistrouse que aínda en plena crisis volvemos a datos de 2017, o que quere dicir que aínda houbo bastantes visitas. Desde 2017, o crecemento de visitas dende o punto de vista turístico, camiño de peregrinos creceu en Oia exponencialmente. No 2018 e 2019 pasamos ao dobre de visitantes.

9. Hai moitas persoas de Oia que traballan en Portugal e viceversa?

Si, hai moitas persoas de Oia que traballan en Portugal. É coñecido o asunto da deslocalización e o problema que se está producindo dende o punto de vista económico.

A Deputación de Pontevedra presenta os premios #Mulleresnofoco

Co obxectivo de recoñecer o papel das mulleres no audiovisual, a presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, presentou os primeiros premios #Mulleresnofoco, no decurso da xornada “Fóra de plano. Mulleres no audiovisual”, impulsada pola Escola de Igualdade María Vinyals e a Asociación de Mulleres Cineastas e de Medios Audiovisuais CIMA.

No evento, que foi seguido on line por case 400 persoas, presentáronse os resultados do Informe de CIMA, nos que se reflicte que soamente o 30% do persoal ao fronte de longametraxes en España durante o 2019

foron mulleres e que son elas as que dirixen as películas de menor orzamento.

Os premios #Mulleresnofoco teñen por obxectivo poñer en valor o traballo das mulleres do audiovisual. Deste xeito, estes primeiros premios, que promove a Deputación e a asociación CIMA e que se lanzarán de cara ao 2021, serán tres en total e contarán cunha dotación económica amais do galardón, que terá forma de claqueta.

Ata o 13 de decembro, a Deputación tamén ofreceu ás persoas inscritas na xornada “Fóra de plano” unha selección de curtametraxes con perspectiva de xénero.

O Rosal restaura unha fonte do ano 1891



O Concello do Rosal rematou as obras de restauración da Fonte de Marzán, un lavadoiro histórico situado na zona do Campo da Fonte e que data do ano 1891.

Historicamente zona de rego, operarios municipais aproveitaron os traballos de

restauración para arranxar as canalizacións polas que se desvía a auga dende a fonte e o lavadoiro para que os veciños poidan continuar cos labores de regadío, especialmente no verán. Entre outras obras, preparouse tamén un espazo para o lecer.

Novas instalacións da oficina ORAL en Tui

As novas oficinas do Organismo de Recadación Local (ORAL) de Tui abriron as súas portas na rúa do Rosal, número 1, grazas ao apoio da Deputación de Pontevedra.

O deputado de Cooperación, Santos Héctor Rodríguez, acompañado do alcalde tudense Enrique Cabaleiro e a directora do ORAL, Inmaculada Viña, visitaron as instalacións e celebrou o “cambio radical na calidade de atención ao público e nas condicións para as traballadoras”, tomando en conta as condicións de insalubri-

dade da anterior oficina.

A sede do ORAL de Tui presta servizo de atención presencial en relación cos tributos do IBI, IAE, IVTM (vehículos), así como recadación de multas e taxas municipais do Concello de Tui. Ademais está descentralizado, pois conta con atención presencial en Tomiño e no Rosal. Este servizo constitúe o núcleo de actualización dos padróns de tributos da comarca do Baixo Miño (Tui, Tomiño, O Rosal e Oia) e atende anualmente máis de 7.500 consultas presenciais.

A Deputación mellorará a estrada Sabarís-Belesar

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou o proxecto para acometer a reposición do firme nos 6,3 quilómetros da EP-2204 Sabarís-Belesar, no Concello de Baiona.

A Deputación investirá un orzamento de 541.310 euros para redución de velocidade, modificación e renovación da sinalización, saneos e renovación da rodadura nalgúns tramos da estrada, entre outros.

O ROSAL Nadal PROGRAMACIÓN 2020

- 23** O APAIADOR E OS MONIFATES. Praza do Calvario. Inscrición previa.
- 26** OS CARUNCHOS. MERCA TRADICIONAL. Rúa do Calvario. 10:00.
- 26** CONCERTO DE UXÍA. Como novo do Nadal. Auditorio Municipal. Inscrición previa.
- 28** A APAIADORA. De lino a Mauro. Praza do Calvario. 17:00.
- 29** LATEXO. PERCUSIÓN BATUCADA. Rúa do Calvario. 12:00.
- 30** CATEO MONOS. LA TROPA DE TRAPO. Praza do Calvario. 17:00.
- 31** O APAIADOR VISITA O ROSAL. Praza do Calvario. 17:00.
- 5** XAN. 17:00. ESPECTÁCULO OS TRASGOS DO THEA E CHEGADA DOS REIS MAGOS. Pavillón Municipal. Inscrición previa.

exposición
Por unha canle Xabarin Club
24 horas na TVG
PROPÓSICIÓN NON CELEBRACIÓN POPULAR

Concello do Rosal

FORO A PENEIRA DO ALTO MINHO

Redacção

Associação de produtores de vinhos contesta proibição de venda de bebidas alcoólicas após as 20h

Desde Setembro passado que o Governo alargou a todo o País a proibição de venda de bebidas alcoólicas após as 20h, nos estabelecimentos de comércio a retalho, incluindo supermercados e hipermercados.

Esta medida está a causar um enorme prejuízo ao sector vitivinícola, uma fileira que impulsiona a economia nacional e contribui para a manutenção das comunidades rurais e ordenamento do território, para além de levar bem longe o nome de Portugal.

Os produtores mais pequenos de vinhos, que estruturam o grosso do tecido empresarial vitivinícola, dependem em absoluto das vendas para os restaurantes

e as garrafeiras especializadas. Estão sem chão desde Março.

Os produtores médios e grandes, que também vendem para a distribuição moderna, tinham conseguido, até Setembro, equilibrar a facturação com os supermercados e hipermercados (embora sacrificando substancialmente as suas margens), mas a proibição de venda de bebidas alcoólicas após as 20h constituiu uma machadada brutal na sua actividade.

Apesar de continuarem a apostar na exportação (da qual não desistiram, malgrado as enormes dificuldades trazidas pela pandemia), essas empresas dependem muito do mercado nacional e as quebras causadas pela proibição de venda de bebidas al-

coólicas após as 20h vieram afectar dramaticamente as suas tesourarias e a capacidade de honrarem os seus compromissos com os trabalhadores, o Estado e os fornecedores.

A proibição de venda de bebidas alcoólicas após as 20h prejudica indubitavelmente os consumidores, que desejam efectuar as suas compras no horário pós-laboral.

É uma medida discriminatória, que deveria ser revista de imediato, pois não faz qualquer sentido, no momento actual.

É uma medida que afecta muito negativamente um produto nacional como o vinho, que é parte integrante da vida e cultura portuguesas.

Fórum Cultural das Neves: Viana do Castelo vai constituir nova entidade para promoção do Vale do Neiva

O executivo municipal adjudicou a empreitada de construção do Fórum Cultural das Neves pelo valor aproximado de 286 mil euros. Para aquele espaço, o Município vai constituir uma nova entidade municipal para a promoção do Vale do Neiva nos domínios ambiental, etnográfico, cultural e científico da região.

O novo espaço incluirá áreas expositivas que irão promover os valores identitários do Vale do Neiva, terá um espaço para formação, discussão e promoção de eventos culturais com uma sala/auditório e terá ainda uma biblioteca dedicada ao Vale do Neiva. Para a programação deste

espaço intercultural de valorização identitária, será constituído um Conselho Consultivo que, conjuntamente com o Município e integrando as autarquias, os agrupamentos de escolas e o movimento associativo da região (cultural, desportivo e ambiental), irá definir a programação do Fórum, a constituição de bolsas de estudo para projetos e iniciativas de aprofundamento e conhecimento da região, bem como o apoio a projetos e iniciativas culturais do Vale do Neiva.

Este fórum terá ainda um espaço memória que recordará, entre outras personalidades que marcaram a região, nomes como Leandro Quintas Neves ou Amadeu Torres.



A empreitada vai agora arrançar implicando a reconstrução integral de um edifício no centro das Neves e terá um prazo de execução de 180 dias. Recorde-se que o Lugar das Neves é comum a três freguesias, Vila de Punhe, Mujães e Barroselas, todas na margem esquerda do rio Lima.

Câmara de Ponte de Lima concede apoio extraordinário para transportes escolares

A Câmara Municipal de Ponte de Lima aprovou reforçar o apoio financeiro às juntas de freguesia de Arcozelo; Ardegão, Freixo e Mato; Associação de Freguesias do Vale do Neiva; Beiral do Lima; Cabração e Moreira do Lima; Calvelo; Facha; Fornelos e Queijada; Rebordões Santa Maria; Santa Comba; Seara e Victorino das Donas, no âmbito da delegação de competências nestas autarquias, que asseguram o transporte escolar dos alunos do 1º ciclo.

Esta medida surge como consequência da pandemia de Covid-19, que de acordo com a imple-

mentação do normativo legal aplicável e orientações da Direção Geral de Saúde - DGS, estabelece como lotação máxima 2/3 da capacidade da viatura de transporte de alunos, o que implicou deslocamentos extra.

Assim, a Câmara Municipal deliberou reforçar o apoio financeiro a conceder às respetivas juntas de freguesia, no valor de 44.851,80€.

A verba a atribuir às juntas de freguesia será efetuada mediante a celebração de um contrato interadministrativo entre a Câmara Municipal de Ponte de Lima e as referidas juntas de freguesia.

Partilha de histórias fomenta criatividade nas escolas do pré-escolar em Ponte de Lima

O Município de Ponte de Lima, através da Biblioteca Municipal, continua a desenvolver o Serviço Educativo em colaboração com as instituições de ensino do concelho.

Mesmo à distância e em modalidade online, este serviço é recebido pelas escolas com grande interesse e entusiasmo, uma vez que, é indiscutível e consensual, que a importância da prática de

leitura de histórias, enquanto atividade regular e agradável proporciona interações e partilha de ideias, conceções e vivências entre crianças e adultos.

As histórias preparadas pela Biblioteca Municipal ajudam a promover a excelente estratégia educativa presente nas escolas e tornam-se um precioso auxiliar na prática pedagógica dos educadores.

Arcos de Valdevez reforça a Rede de Abastecimento de Água ao Parque Empresarial de Padreiro

Os investimentos nos Parques Empresariais são fulcrais para a captação de novas empresas e consequentemente garantir mais emprego.

Para além da disponibilização dos lotes, a Câmara Municipal investe na execução de infraestruturas básicas como o abastecimento de água.

Recentemente consignou pelo valor de 76 180,52€, à Firma Martins & Filhos, S.A, a empreitada de Reforço da Rede de Abastecimento de Água ao Parque Empresarial de Padreiro, através do qual

se pretende reforçar o Abastecimento de Água a partir do reservatório R9 (sudoeste).

Este investimento engloba a instalação de conduta, numa extensão de cerca de 800m, à saída do reservatório. Prevê ainda a instalação de redutora de pressão e 1 marco de incêndio, junto ao cruzamento com a EN202.

Estes investimentos servem para garantir a atratividade do território ao nível da captação de investimentos, gerando assim emprego e boas condições de vida a quem cá reside.

PUBLICITE (00351) 960 069 934
AQUI comercial.pt@novasdoeixoatlantico.com

Soldadinhos de Chumbo e Banda às Riscas animam Natal nas ruas de Paredes de Coura

Não vai faltar animação de rua nestes dias de Natal em Paredes de Coura. No fim de semana de 19 e 20 de dezembro, bem como nos dias 23 e 24 que antecedem o Natal as ruas desta vila no coração do Alto Minho vão ser percorridas pelos 'Soldadinhos de Chumbo' e pela 'Banda às Riscas', respetivamente.

Do repertório tradicional português, dixieland, jazz e marchas militares aos temas do imaginário coletivo e circense vão dar o tom e o som por estes dias em que também o mundo maravilhoso das construções Lego para miúdos e graúdos se estende por mais de 100 espaços do comércio e serviços da vila de Paredes de Coura. A instalação sob o tema 'Lã de Natal, cá em Coura', que percorre a Rua Conselheiro Miguel Dantas, sugere-nos também uma malha gigante como nas tricotadas camisolas de lã, complementando o desejado conforto para estes dias



mais cinzentos e tão característicos do Natal.

Assim, já este fim de semana, 19 e 20 de dezembro, os Soldadinhos de Chumbo, do grupo Pantomina, vão percorrer as ruas de Paredes de Coura com um espetáculo musical elaborado com instrumentos do imaginário-fanfara (flautim, gaita-de-fole, tuba, trombone, caixa de rufo e bombo) tocados por soldados mimos que, através da sua mudez ensurdecedora, enriquecem as prestações desta banda rigidamente militar. Interpretam repertório tradicional

português, dixieland tradicional, jazz, marchas militares, marchas militarizadas, marchas militantes e temas circenses.

Já nos dois dias anteriores ao Natal, 23 e 24 de dezembro, cabe à Banda às Riscas animar as ruas de Paredes de Coura. A Banda às Riscas tem um repertório de cariz tradicional, temas do imaginário coletivo e circense, cuja animação assenta "na importância de despertar, na sociedade em que vivemos, o lado mais simples da vida: o sorriso", assim se caracterizam.

Fundação Bial de Arte de Cerveira distinguida com dois prémios APOM 2020

Pelo segundo ano consecutivo, a Fundação Bial de Arte de Cerveira (FBAC) voltou a ser reconhecida pela Associação Portuguesa de Museologia (APOM), arrecadando o Prémio Comunicação Online, através da Fundação Bial de Arte de Cerveira ON, e o prémio Projeto de Educação e Mediação Cultural, através do LAC-Laboratório de Aprendizagem Criativa da Fundação Bial de Arte de

Cerveira. Já na edição anterior, o Museu Bial de Cerveira tinha sido nomeado o "Melhor Museu de 2019".

Organizada sob as restrições provocadas pela pandemia COVID-19, a XXI Bial Internacional de Arte de Cerveira – a decorrer entre 1 de agosto e 31 de dezembro – apresentou-se num formato duplo incluindo, pela primeira vez, uma edição digital, que permitiu ao público a visita

virtual à bial de arte mais antiga do país e da Península Ibérica a partir de qualquer parte do mundo. O prémio na categoria da 'Comunicação Online' 2020 da APOM, veio reconhecer o trabalho desenvolvido na apresentação online da coleção da FBAC, bem como de atividades museológicas, colocando o museu mais próximo dos públicos e ao mesmo tempo promover o conhecimento/divulgação do Museu.

Cerveira apoia aquisição de nova ambulância para os Bombeiros Voluntários

A Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira vai compartilhar em 20 mil euros a aquisição de uma nova ambulância destinada ao transporte e socorro de doentes da responsabilidade da Associação Humanitária dos Bombeiros Voluntários do concelho. Decisão assenta no contributo essencial deste equipamento para a melhoria da qualidade de resposta prestada à população.

Os vários períodos de confinamento provocados pela Covid-19 impediram a habitual angariação de receitas dinamizada pela corporação, o que levou a direção cerveirense dos 'soldados da paz' a solicitar à autarquia um apoio financeiro para avançar com o



reforço da sua frota automóvel, enquanto que também garantem a preocupação de a manter renovada. Em reunião do executivo realizada na passada sexta-feira, a Câmara Municipal deliberou atribuir à benemérita Associação Humanitária de Bombeiros Voluntários de Vila Nova de Cerveira uma comparticipação financeira de 20 mil euros, montante que corresponde a cerca de 50% do valor do veículo já encomendado.

Município de Ponte da Barca tem escolas mais ecológicas



A Câmara Municipal de Ponte da Barca entregou às escolas do concelho ecopontos, de forma a facilitar a separação do lixo, numa ação com a Resulima em parceria com a Sociedade Ponto Verde, que surge no sentido de equipar as

escolas com meios para incentivar a separação de resíduos.

Para o Autarca Barquense, Augusto Marinho, "esta é uma iniciativa de muito valor, pois é importante consciencializar os mais novos para a relevância da reciclagem."

esteves
padaria e pastelaria

SANDES & BAGUETES 24

LUGAR DE GANDRA Nº 52 - MAZEDO - MONÇÃO

TLF.: 251 656 005 • 251 651 881

Municípios unidos na valorização do “Caminho Minhoto Ribeiro”



Os municípios de Braga, Vila Verde, Ponte da Barca, Arcos de Valdevez, Monção e Melgaço assinaram, ontem, um protocolo de colaboração com vista à revitalização e promoção do “Caminho Minhoto Ribeiro”, considerado um dos mais antigos caminhos de Santiago de Compostela.

A cerimónia, realizada no

salão nobre da Câmara Municipal de Melgaço, foi presidida pela Secretaria de Estado do Turismo, Rita Marques, contando com a presença da Diretora Geral do Turismo da Xunta da Galiza, Nava Castro, e do presidente da Associação “Estrada Minhoto Ribeiro”, da Galiza, Avelino Luis de Francisco, também Alcalde do Concello de Cortegada.

As intervenções focaram as inúmeras vantagens da recuperação do antigo caminho a Santiago de Compostela para os municípios envolvidos, versando a valorização dos territórios sob o ponto de vista turístico, religioso e cultural. Salientada, também, a cooperação institucional entre todos e o reforço da oferta existente nos seis municípios

Internet grátis na fortaleza de Valença

A reforçada rede de wifi livre do centro histórico pretende proporcionar mais experiências na visita à Fortaleza de Valença. A Fortaleza de Valença está já 100% On, com internet livre, em todos os espaços públicos.

Oito novos Hotspots reforçaram a WIFI livre da Fortaleza de Valença juntando-se aos dois pontos já existentes.

A ligação entre os hotspots é em fibra ótica e utiliza o sistema de galerias técnicas existentes no centro histórico.

A nova rede wifi permite aos valencianos e visitantes ao Centro Histórico aceder a uma rede gratuita e segura, com uma velocidade mínima de download de 30 Mbps.

Tornar a experiência da visita ao centro histórico mais rica, diversa, única e interativa é uma



mais valia fantástica para o turista, com ganhos grandes, também, para a cidade, nomeadamente para o comércio, a hotelaria, a restauração e a vida social em geral.

Esta obra foi financiada pelo Turismo de Portugal, no âmbito do Programa “Valorizar”.

Valença está a classificar os perícos

A candidatura insere-se no projeto “Minho Região Europeia da Gastronomia” e pretende estudar, qualificar e promover o períco enquanto produto local com potencialidades para a capacitação da economia da região.

O Periqueiro é uma árvore de fruto, da família das rosaceas, do género pyrus, com características únicas que não são confundíveis com o pyrus cordata ou o pyrus bourgaeana, bem como com os escambroeiros ou os pilriteiros, tão presentes na região.

A época de consumo coincide com fins de outubro e princípios de novembro. O facto de o outono coincidir com uma época do ano em que existia pouca oferta de fruta o Períco foi ganhando o seu espaço a par das castanhas, das nozes e das maçãs tardias.

Hoje, já é possível encontrar



esta árvore à venda nos hortos da região.

O valor e as potencialidades deste fruto tem sido estudadas nos últimos anos e ganharam relevo e projeção na utilização em licores e no famoso Gin Tinto, da empresa valenciana Decantar, o primeiro gin tinto do mundo.

Em curso está o levantamento gastronómico do receituário típico e local que utiliza o períco, bem como a elaboração de uma carta gastronómica a que se associe, também, o receituário inovador.

“Monção e o Dragão” uma peleja ancestral

Inspirado na “Coca de Monção”, a autarquia monçanense lança este Natal o jogo de tabuleiro “Monção e o Dragão”, encontrando-se à venda, pelo valor de 15,00 €, na Loja Interativa de Turismo, a partir do próximo sábado, 19 de dezembro.

Com 60 perguntas e respostas sobre a história monçanense, localidade raiana que recebeu o primeiro foral em 1261, outorgado pelo Rei D. Afonso III, “Monção e o Dragão” é um jogo de família, com vertente lúdica e pedagógica, que engloba 5 cate-



tração, diversão e conhecimento nas respostas relativas às categorias (história e lendas; património; geografia e natureza; enogastronomia e curiosidades), com os níveis de dificuldade (capacete; escudo; lança e espada).

Todos os jogadores começam nas mesmas condições, mas só um conseguirá derrotar o dragão. Quem ganhará esta peleja ancestral? Quem conseguirá cortar a orelha à Coca? Chegou

a tua oportunidade de vestires a pele do cavaleiro S. Jorge, símbolo do bem, e derrotares o dragão Coca, símbolo do mal.

gorias e 4 níveis de dificuldade.

Em ambiente familiar ou num grupo de amigos, esperam-se diversos momentos de descon-